

D I T A M E

*Ditame*  
**4/10**

sobre o anteproxecto de  
Lei reguladora do  
**Consello Galego  
da Competencia**



APROBADO POLO PLENO O 17 DE SETEMBRO



Este documento está tamen dispoñible en  
**[www.ces-galicia.org](http://www.ces-galicia.org)**

## ANTECEDENTES

**1.-** En data 1 de xullo de 2010 tivo entrada no Consello Económico e Social oficio do presidente da Xunta de Galicia remitindo, para o seu preceptivo ditame, o anteproxecto de Lei reguladora do Consello Galego da Competencia.

**2.-** O texto do borrador foi enviado ao presidente e aos membros da Comisión Sectorial nº 2: *Sector público e benestar social*, competente por razón da materia, para a elaboración da correspondente proposta de ditame. Así mesmo, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da entrada de solicitude de ditame.

**3.-** O día 6 de xullo, o seu presidente convoca á Comisión Sectorial nº 2 para o 9 de xullo de 2010, co fin de iniciar os traballos de reflexión sobre a proposta de ditame.

**4.-** A Comisión Sectorial, na súa sesión 11/10, de data 6 de setembro, acorda aprobar a proposta de ditame e remítea ao presidente do Consello para a súa tramitación.

**5.-** O presidente do CES, de acordo coa Comisión Permanente do organismo, convoca o Pleno do Consello, que na súa sesión 5/10, do 17 de setembro, e tras coñecer o texto remitido, acorda aprobar o seguinte

### DITAME

*sobre o anteproxecto de lei reguladora do Consello Galego da Competencia.*

## ESTRUTURA E CONTIDO

### 1. Obxecto da Lei:

Primeiro, fortalecer a independencia do órgano galego encargado de defender a competencia e lograr a necesaria integración nun órgano único dos labores de instrución e resolución de expedientes que ata agora viñan sendo desenvolvidos polo Servizo Galego de Defensa da Competencia e polo Tribunal Galego de Defensa da Competencia de modo que o esquema galego se adapte ao modelo prevalente a nivel europeo e español, creándose así o Consello Galego da Competencia con capacidade de actuar en todo o territorio da Comunidade Autónoma de Galicia

Segundo, reforzar as funcións da nova institución galega coa finalidade de obter unha eficaz persecución e sanción das condutas contrarias á libre competencia e un nivel axeitado de competencia efectiva nos mercados do noso ámbito territorial.

Terceiro, dotar de medios humanos e materiais necesarios á nova institución e crear un marco xurídico flexible que permita un desenvolvemento futuro da súa estrutura administrativa.

O anteproxecto de lei estrutúrase en catro capítulos, unha disposición adicional, tres disposicións transitorias, unha disposición derogatoria e dúas disposicións derradeiras.

No **Capítulo I** “*Do Consello Galego da Competencia*” (artigos 1 ao 17), divídese en 4 seccións.

Sección 1<sup>a</sup> “Natureza e fins (artigos 1 e 2), refírese a creación do Consello Galego da Competencia como organismo autónomo de carácter administrativo, e dotado de personalidade xurídica e orzamento propio con capacidade de obrar e plena independencia no exercicio das súas competencias, e que ten como fin xerar, preservar, garantir e promover a existencia dunha competencia efectiva nos mercados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

Sección 2<sup>a</sup> “Funcións (artigos 3 e 9), recóllense as funcións de instrución e resolución, colaboración e coordinación, o control das axudas públicas,

funcións de arbitraje, consultivas, de promoción da competencia e as de asesoramento e representación.

Sección 3ª “Facultades (artigos 10 a 15), abórdase o deber de colaboración, a facultade de inspección, capacidade sancionadora, vixilancia do cumprimento das obrigas, resolucións e acordos, impugnación de actos e normas e a subscripción de convenios

Sección 4ª “Transparencia e control parlamentario (artigos 16 a 17), comprende a publicidade de actuacións, e o control parlamentario.

No **Capítulo II** “*Organización*” (artigos 18 ao 25), divídese en 4 Seccións.

Sección 1ª “Órganos” (artigo 18), dedicada aos órganos do Consello Galego da Competencia: o presidente ou presidenta do Consello, o Pleno e o/a subdirector/a de Investigación.

Sección 2ª “Da presidencia” (artigos 19 a 21), refírese o nomeamento e duración do cargo, causas de cese e suspensión, e as función do presidente ou presidenta.

Sección 3ª “Do Pleno do Consello” (artigos 22 a 24), comprende a composición, o funcionamento e as funcións do Pleno.

Sección 4ª “Da Subdirección de Investigación” (artigo 25), refírese a organización e funcións da Subdirección de Investigación.

No **Capítulo III** “*Estrutura administrativa, de persoal e réxime económico*” (artigos 26 ao 29), comprende a estrutura administrativa, o persoal, os recursos do Tribunal, e o réxime orzamentario e contable.

No **Capítulo IV** “Outras disposicións” (artigos 30 ao 32), recolle as normas de procedemento, os recursos, e o deber de segredo.

**Disposición Adicional** “*Representación na Xunta Consultiva en materia de conflitos*”.

**Disposicións Transitorias**

Primeira, asunción das funcións, patrimonio, obrigas e dereitos do Tribunal Galego da Defensa da Competencia.

Segunda, relativa aos procedementos que se estean a tramitar na entrada en vigor da Lei.

Terceira, prazos de ceses e nomeamentos, na entrada en vigor da Lei.

**Disposición Derrogatoria.**

**Disposicións Derradeiras**

Primeira “ Desenvolvemento regulamentario”

Segunda “ Entrada en vigor”

## CONSIDERACIÓNS XERAIS

1.- Ao longo do articulado do anteproxecto de lei, menciónanse diversos artigos concretos da vixente Lei 15/2007, de defensa da competencia. O CES entende que, habida conta de que a devandita lei pode ser obxecto de futuras modificacións que alteren a numeración e/ou o contido dos artigos que se mencionan, deberían utilizarse expresións máis xerais, referidas á Lei en vigor e aos seus preceptos, mais sen explicitar o artigo concreto en cada caso.

2.- O CES valora positivamente a integración nun órgano único independente de todas as funcións relacionadas coa competencia, mantendo a necesaria separación orgánica e funcional das dúas funcións de instrución e resolución. Son necesarias fórmulas organizativas multifuncionais que vaian mais aló do modelo de instruír e resolver expedientes; fórmulas que inclúan a realización de políticas proactivas de promoción da competencia.

Sen embargo, o CES entende que a estrutura de persoal, recollida na súa memoria económica, non parece axeitada ás funcións asignadas a este órgano en relación coa instrución de expedientes, realización de informes de regulación e a realización de análises de mercado.

## CONSIDERACIÓNS PARTICULARES

### 1.- Exposición de motivos

O CES entende que debería engadir un parágrafo final, no que se faga constar que o anteproxecto de lei foi sometido ao preceptivo ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

O CES considera que os dous primeiros parágrafos da Exposición de Motivos do Anteproxecto deben ser suprimidos, pois o lexislador non debe entrar en outras consideracións que as que no seu caso establezan as normas fundamentais do noso ordenamento xurídico.

### 2.- O artigo 7.1, Funcións consultivas

O CES entende que se debería engadir un novo parágrafo no que se regule o dereito do Consello Económico e Social de Galicia para solicitar informes do Consello.

### 3.- O artigo 10, Deber de colaboración

O CES entende que a aplicación deste precepto limita o deber de colaboración soamente aos datos e información necesarios para a aplicación desta Lei.

### 4.- O artigo 20, Causas de cese e suspensión no exercicio do cargo

O CES considera que na letra **b)**, que regula o cese do Presidente ou Presidenta por expiración do termo do seu mandato, habería que engadir ao final “...*sen prexuízo do establecido no art. 19.2*”.

Por outra parte na letra b establécese a suspensión no suposto de declaración de incapacidade transitoria. Debería substituírse o termo “*transitorio*” por “*temporal*” para facelo acorde coa normativa vixente (texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social).



Finalmente, nin no artigo 20, que fai referencia ás causas de cese e suspensión no exercicio do cargo, nin en ningún outro se fai referencia ao que sucede na situación de suspensión; isto é quen exerce as funcións.

#### **5.- O artigo 21, Funcións do Presidente ou Presidenta**

O CES considera que todo o contido do artigo está incluído nun único apartado "1.-", polo que parece superfluo identificalo como tal.

Por outra banda, a letra **i)** deste artigo inclúe entre as funcións da persoa titular da Presidencia do Consello, a de comparecer antes do 30 de xuño de cada ano ante unha Comisión do Parlamento para presentar diversa documentación. O CES entende que o establecemento desta data pode dar lugar a que, por circunstancias ou decisións alleas á vontade do Consello e a súa Presidencia, se produza a imposibilidade de cumprimentar estritamente este precepto, polo que propón que se estableza un prazo máis xenérico. Esta mesma consideración debería terse en conta no **2º parágrafo do artigo 17**.

#### **6.- O artigo 22, Composición do Pleno**

Nos artigos **21** e **24** regúlanse especificamente as funcións do Presidente ou Presidenta e do Pleno. O CES entende que sería conveniente regular nun número específico as funcións dos vogais aos que se refire o **artigo 22**.

Por outra parte, sinalase neste artigo 22, que os vogais percibirán as compensacións económicas que procedan por cada acto xurídico ditado ou pola súa asistencia ás sesións do pleno e pola elaboración dos traballos que lles encomende o presidente. O CES considera que debera engadirse o inciso **“no que participen”** despois da frase **“... por cada acto xurídico ditado”**.

#### **7.- O artigo 24, Funcións do Pleno**

Ademais da relación de funcións do Pleno que figuran nas diversas letras e apartados deste artigo, o CES entende que se debería incluír un **novo apartado 3** no que se lle atribúan ao Pleno aquelas outras funcións previstas na lei, no seu desenvolvemento ou no ordenamento legal en xeral, que non fiquen

expresamente atribuídas a outro órgano na presente lei.

Por outra parte, a efectos dunha adecuada ordenación sistemática, este precepto debería ir antes da regulación do funcionamento do Pleno (art. 23).

**8.- O artigo 25** Organización e funcións da subdirección de investigación

O CES estima que debería regularse o réxime de nomeamento e cese da persoa titular da subdirección de investigación, facendo extensiva esta consideración á Secretaría Xeral no **art. 26.2**.

**9.- Disposicións derradeiras (sic)**

O CES considera que corresponde substituír a expresión "*derradeiras*" que resulta incorrecta, pola que corresponde: "*finais*", a teor da definición que a Real Academia Galega fai do termo "derradeiro/a".

Santiago de Compostela, 17 de setembro de 2010

Vº e P.  
O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo.: Pablo Egerique Martínez

Asdo.: Juan Carlos Veiga Hermida

## VOTO PARTICULAR

### Voto particular que presenta a **Confederación de Empresarios de Galicia**

Os conselleiros do Grupo Segundo, integrado polos representantes da Confederación de Empresarios de Galicia, queren manifestar a través do presente voto que existe unha consideración que na súa opinión debera ser tido integrada no texto do ditame do CES-Galicia ao anteproxecto de lei reguladora do Consello Galego da Competencia, consideración que deseguido se expón:

#### **Artigo 16.- Publicidade das actuacións.**

Neste artigo, establécese que o Consello Galego da Competencia fará públicas todas as resolucións e acordos que se ditén en aplicación desta lei, unha vez que se notifiquen aos interesados.

Na opinión do Grupo Segundo, a publicidade de actuacións debera concretarse a actuacións que houberan adquirido firmeza, co fin de garantir un dese- xable respecto do principio de presunción de inocencia.

